

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/14	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria: Ordinaria

Data: 19 de decembro de 2024

Duración: Dende as 20:00 até as 21:05 horas.

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ

Secretaria: CLARA ORTEGA FERNANDEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
8451*	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
7924*	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
7970*	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SÍ
9610*	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SÍ
8438*	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
3272*	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
8177*	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
7871*	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
2650*	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SÍ
3278*	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
7931*	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
2600*	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
2777*	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ



Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Aprobación da acta da sesión anterior, celebrada o día 29 de outubro do 2024.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Polo Sr. Alcalde sométese a aprobación a acta da sesión plenaria anterior, celebrada o día 29 de outubro do 2024. Non presentándose observacións polos membros da Corporación, a mesma resulta aprobada.

Expediente 1124/2024. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por importe total de 133.366,45€, que se corresponden coas facturas incluídas nas seguintes relacións contables:

- Relación contable F/2024/60, por importe de 47.906,34€
- Relación contable F/2024/73, por importe de 46.179,18€
- Relación OPA X/2024/2, por importe de 39.280,93€

Visto o informe de reparo número 2024-0048, formulado pola Intervención municipal, de data 13.12.2024, no que se manifesta a falta de autorización de gasto nas relacións das facturas indicadas.

Examinada a documentación que acompaña ao expediente, e de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e nas bases de execución do orzamento municipal de 2024, a Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas eleva ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Solventar o reparo manifestado pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas en beneficio desta entidade e continuar coa tramitación do procedemento.

SEGUNDO. En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.



TERCEIRO. Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 6/2024, por importe total de 133.366,45€, que se corresponden coas facturas incluídas nas relacións contables referidas.

CUARTO. Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior.

Durante a **quenda de intervencións**, en primeiro lugar, o Sr. Alcalde explica que o expediente ten como finalidade recoñecer obrigas correspondentes a exercicios anteriores, fundamentalmente facturas do servizo eléctrico de 2023 que non se tramitaron a tempo por cuestións técnicas ou administrativas. Argumenta que a documentación foi posta a disposición dos membros da Corporación dende a convocatoria Comisión Informativa extraordinaria celebrada o venres anterior. Xustifica a urxencia alegando a necesidade de saldar estas débedas e destaca que a aprobación do recoñecemento permitirá axilizar os pagamentos pendentes.

De seguido concédese o uso da palabra á voceira suplente do Grupo Municipal do Partido Popular, Dª María Beatriz Molinos Vidal, quen manifesta unha serie de críticas respecto ao tratamento do expediente. Denuncia que o goberno local inclúe este asunto nun pleno ordinario sen tempo suficiente para que a oposición poida revisar a documentación, posto que a documentación púxose a disposición nunha comisión informativa extraordinaria. Acusa ao equipo de goberno de usar a urxencia de maneira reiterada para suplir a falta de previsión e planificación, argumentando que a maior parte das facturas xa se incluíron na modificación de crédito aprobada no pleno de outubro, polo que houbo tempo suficiente para tramitar este expediente. Subliña que, aínda recoñecendo a necesidade de pagar facturas sempre que os servizos estean debidamente xustificadas, considera que o financiamento non debe realizarse a cargo do remanente de tesourería, senón a través do orzamento anual, xa que se trata de gastos ordinarios. Remata instando ao goberno local a mellorar a súa xestión.

Na súa quenda de réplica, o Sr. Alcalde admite que a tardanza na tramitación débese a dificultades nos servizos técnicos municipais, que non puideron preparar a documentación a tempo para incluíla nunha comisión informativa ordinaria. Reitera que, dende o momento da convocatoria da Comisión extraordinaria, os membros da Corporación tiveron acceso ao expediente e insiste na necesidade de aprobar este recoñecemento para cumprir coas obrigas pendentes.

Finalizado o debate dos membros da Corporación, pola Presidencia sométese a proposta a votación, resultando aprobada por 7 votos a favor do Grupo de Goberno e 6 abstencións do PP.



Moción do Grupo Municipal do BNG para a adopción de medidas para a defensa e normalización da lingua galega.

A voceira suplente do Grupo Municipal do BNG, D^a María Soledad Agra Tuñas, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

Os recentes datos feitos públicos polo Instituto Galego de Estatística sobre coñecemento e uso do idioma galego constatan a situación crítica que está a atravesar a nosa lingua. Esta situación quepodemos cualificar de emerxencia, é a consecuencia dunha política lingüística discriminatoria e excluín-te aplicada nos últimos quince anos de goberno do Partido Popular na Xunta da Galiza. Neste período prohibiuse a impartición en galego de varias materias no sistema educativo (caso único en Europa), eliminouse practicamente o acceso das crianzas á lectoescritura en galego na rede de escolas infantís, mudouse a lei da función pública para que o funcionariado non teña por que ter coñecemento do galego para atender ás persoas, ou desapareceu a oferta da programación infantil ampla e actualizada na TVG, entre outras moitas medidas contra o galego na administración, na xustiza, no audiovisual e medios de comunicación, ou nas actividades comerciais e económicas.

As consecuencias están á vista. O galego non só descende bruscamente no uso habitual, perdendo a súa condición de lingua máis falada na Galiza, senón que mesmo se descoñece nas franxas de idade máis novas: o 32,4% das nenas e nenos entre 5 e 14 anos non son quen de se expresar en galego. Poden entendela, mais non falalo aínda que queiran, porque non o dominan. Este é o resultado práctico desas políticas. Así, o Consello de Europa ou a propia ONU teñen dirixido advertencias á Xunta de Galiza para mudar a actitude sobre o galego.

Consideramos, por suposto, que esta situación do noso idioma é reversíbel. O galego ten futuro se o compromiso coa normalización do noso idioma é real e asumido por toda a sociedade, comezando polas institucións galegas. O futuro do galego depende da nosa vontade colectiva como galegos e galegas.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción do seguinte

ACORDO

1. Reafirmarnos na defensa da lingua galega, patrimonio colectivo de incalculábel valor, e no seu dereito inalienábel a ser coñecida e usada pola poboación en calquera circunstancia e lugar, sen discriminación de ningún tipo.

2. Instar á Xunta de Galiza a:

- Aplicar o Plan Xeral de Normalización da Lingua, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego no ano 2004, para acadar os obxectivos establecidos no mesmo.
- Derrogar o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza, e garantir un novo decreto que faga que o sistema educativo galego cumpra a función normalizadora que lle dá a normativa vixente.
- Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos.
- Incrementar os recursos destinados ás políticas de apoio á lingua nos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2025.

3. O Pleno do Concello acorda adherirse á Plataforma Queremos Galego, entidade social ampla conformada por colectivos de diferentes ámbitos e por persoas a título individual, que nace da vontade de articular unha ampla resposta popular a prol da lingua propia do noso pobo, o galego; de defensa e afirmación dos usos públicos e dereitos lingüísticos xa garantidos pola actual lexislación; e de progresiva normalización naqueles espazos onde o idioma de noso non goza aínda da presenza desexada. En coherencia con esa decisión. O Concello apoiará activamente as iniciativas sociais promovidas desde esta Plataforma.

4. Trasladar este acordo plenario ao Parlamento da Galiza, Consellaría de Cultura, Lingua e Xuventude, e á Plataforma Queremos Galego.

Durante a **quenda de intervencións**, o Sr. Alcalde concede a palabra ao portavoz do PP, D. Francisco Calo Abelleira, quen inicia a súa intervención criticando o que considera un enfoque excesivamente alarmista por parte do BNG. Sinala que, na súa opinión, o galego segue sendo un elemento esencial na cultura e na vida diaria de Galicia, e que as cifras expostas na moción non reflicten a realidade de moitas comunidades, como Outes, onde o galego goza dunha boa saúde. Reivindica o modelo de bilingüismo cordial promovido polo Partido Popular, que, segundo el, é o preferido pola maioría dos galegos e galegas nas urnas.

O portavoz popular argumenta que o Plan Xeral de Normalización da Lingua foi aprobado por unanimidade con gobernos populares, e que o verdadeiro problema non reside nas normas, senón na súa aplicación. Cualifica a moción de ideolóxica, afirmando



que non busca un consenso real senón fomentar a confrontación política. Conclúe reiterando o compromiso do seu grupo co galego, pero rexeita apoiar medidas que poidan percibirse como imposicións ou que desvirtúen o equilibrio entre as dúas linguas oficiais.

O Sr. Alcalde cede a palabra ao portavoz do Grupo Municipal Socialista, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen comeza manifestando o seu desacordo co enfoque da moción. Asegura que, dende a súa perspectiva, percibe toda unha “parafernalia” na que afirman que o uso do galego descendeu na súa fala, e que non percibe no Concello de Outes. Asegura que algunhas palabras utilizadas na moción, como “inalienábel” ou “incalculábel”, son alleas ao galego que se fala habitualmente. Suxire que sería necesario estudar máis profundamente as causas deste fenómeno, insinuando que o propio BNG podería ter algunha responsabilidade nesta cuestión.

Cuestiona se o menor uso do galego se debe á presenza de “máis xente española” ou a que hai moitos galegos, entre os que se conta, aos que lle parece que se está impoñendo unha lingua que non identifican que non saben “de onde saen” moitas palabras.

Pasa a citar unha frase en castelán e reflexiona sobre a súa suposta tradución ao “galego que me queren esixir ou impoñer”, e empregaa como exemplo para ilustrar as dificultades que, ao seu entender, presenta o galego normativo no uso práctico e na comprensión. Identifícase como trilingüe, asegurando que fala castelán, galego e “jallejo”, pero lamenta estar reducindo o seu uso ao “jallejo” e ao castelán.

Ademais, critica que o BNG utilice espazos institucionais para promover a súa axenda política, facendo alusión a actos recentes nos que, segundo el, os representantes nacionalistas confundiron a súa función institucional coa defensa dos intereses do seu partido. Conclúe rexeitando apoiar unha moción que, ao seu xuízo, promove a imposición do galego en lugar de fomentar a súa convivencia harmónica co castelán.

A continuación, o Sr. Alcalde toma a palabra para expresar o apoio do equipo de goberno á moción. Comeza recoñecendo que a lingua galega arrastra dificultades históricas e sociolingüísticas que explican a súa situación actual. Sinala que o galego foi tradicionalmente a lingua das clases populares, mentres que o castelán gozou dun maior prestixio social e institucional, o que resultou nunha perda progresiva de falantes. Reivindica que todas as iniciativas a favor da promoción do galego son positivas, sempre que se desenvolvan no marco do consenso e o diálogo.

O Sr. Alcalde fai un chamamento a todas as forzas políticas para que deixen de empregar a lingua como arma de confrontación e se centren en buscar un novo consenso que permita adoptar medidas efectivas para garantir o futuro do galego. Considera que o Plan Xeral de Normalización da Lingua foi un exemplo dese consenso



no pasado e destaca a importancia de retomar esa senda. Conclúe reiterando o apoio do equipo de goberno á moción e instando ao resto de grupos a reflexionar sobre a necesidade de protexer o galego como parte fundamental do patrimonio cultural galego.

A voceira suplente do Grupo Municipal do BNG, D^a María Soledad Agra Tuñas, intervéñe de novo para responder ás críticas dos portavoces do PP e do PSOE. Asegura que, aínda que o modelo da Xunta poida conter elementos de cordialidade, os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) reflicten unha realidade distinta, evidenciando un descenso no uso do galego, especialmente entre a mocidade, e a existencia dunha franxa de idade na que hai nenos e nenas sen coñecemento suficiente do galego para falalo. Subliña que a liberdade para escoller lingua non é posible se non se garante o acceso ao coñecemento das dúas linguas oficiais en igualdade de condicións, xa que o decreto do plurilingüismo aprobado polo PP prohíbe estudar en galego materias de ciencias. Cita a Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias, que advirte ao Estado español sobre a prohibición do uso do galego en determinados contextos educativos.

Mostra disposición para modificar propostas da moción se algunha resulta controvertida, reiterando que o obxectivo principal é fomentar a cordialidade e a igualdade lingüística.

Critica a falta de programación infantil e xuvenil en galego na televisión actual, lembrando exemplos do pasado como o "Xabarín Club" para ilustrar a perda de recursos en lingua galega.

Responde a acusacións de imposición do galego do PSOE, negando que o BNG teña tal intención e defendendo que a normalización do idioma non supón unha imposición, senón unha garantía de dereitos. Explica que en 1981 aprobouse a normativa lingüística galega, similar ás normativas existentes noutras linguas, e que desde entón se empezou a impartir o galego nas escolas. Sinala que é natural que todas as linguas teñan unha forma culta, que se aprende no ámbito educativo, e que inclúe palabras que poden resultar máis complexas para algunhas persoas, mais estas palabras están recollidas nos dicionarios e forman parte lexítima da normativa, aclarando que non son inventadas nin alleas ao idioma.

Finalmente, aborda as críticas sobre unha suposta confusión entre actos institucionais e partidarios. Defende que o feito de ocupar un cargo público institucional non exclúe a militancia política no seu partido, nin a posibilidade de expor propostas do partido en calquera evento público, algo que considera lexítimo e comparábel á práctica doutros partidos políticos.

Remata salientando que esta mesma moción foi presentada e apoiada en varias institucións, incluída a Deputación, con apoio do PP noutros concellos.



Finalizado o debate, o Sr. Alcalde somete a votación a moción, resultando **APROBADA** por 6 votos a favor (CO e BNG), 1 en contra (PSOE), e 6 abstencións (PP).

Moción dos Grupos Municipais de Compromiso Outes, BNG e PSdG-PSOE, para o incremento da subvención aos Concellos para a cobertura dos custes da gratuidade do primeiro ciclo de educación infantil.

Os grupos municipais de Compromiso Outes, BNG e PSdG-PSOE, ao abeiro do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais presenta a seguinte

MOCIÓN

O concello de Outes puxo en marcha en 2023 unha Escola Infantil Municipal, situada nas instalacións do antigo colexio "vello" do Cruceiro de Roo, e que actualmente conta con 41 prazas para crianzas de entre 0 e 3 anos.

En 2023 a Xunta de Galicia aprobou a gratuidade da atención educativa no primeiro ciclo de educación infantil tódalas escolas infantís públicas e naquelas de titularidade privada que decidan adherirse ao sistema de gratuidade. Para aquelas escolas infantís que non pertence a rede "Galiña Azul" do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Consellería de Política Social e Igualdade estableceu un sistema de financiamento no que se fixa unha subvención máxima por alumno que difire se se trata de escola infantís privadas ou de escolas infantís municipais. Dese xeito, no caso das escolas infantís municipais, a subvención que percibe o concello vén determinada polos prezos públicos que tamén establece a Xunta de Galicia, mentres que no caso das escolas infantís privadas establécese un baremo diferente, que redunda nunha subvención superior. No caso do Concello de Outes, a subvención pola gratuidade por atención educativa prevista para o ano 2025 é de 26.240 €.

A maiores, os ingresos por prezos públicos previstos para o exercicio 2025 polo servizo prestado na escola Infantil, ascende a uns 7.000 €.

Por contra, os custes previstos do servizo da Escola Infantil Municipal para 2025 ascenden a 190.389 €, o que inclúe os gastos de persoal e gastos de funcionamento. Isto fai que o Concello de Outes teña que soportar, con recursos propios, o 84,38 % dos custes totais (máis de 160.000 €). Pola súa parte, a Xunta de Galicia soporta o 11,94% dos gastos.

Estamos vendo, por tanto, que a maior parte do financiamento dun servizo no que a Xunta de Galicia ten competencias exclusivas como é o da Educación Infantil, recae no



noso concello. Esta situación, polas informacións que temos por parte da FEGAMP, repítese no caso da maioría das escolas infantís municipais de Galicia.

Polos motivos expostos, propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal o seguinte

ACORDO:

Que a Xunta de Galicia incrementa de xeito inmediato a subvención aos concellos para cubrir os custes da gratuidade do primeiro ciclo da educación infantil, equiparándoa á que reciben ás escolas infantís privadas por este mesmo concepto.

Aberta polo Sr. Alcalde a quenda de intervencións, o voceiro do PP, D. Francisco Calo Abelleira, defender a xestión da Xunta neste ámbito. Comeza sinalando que o grupo popular comparte a necesidade de apostar polos servizos de conciliación, e considera que a gratuidade das escolas infantís é unha medida esencial para avanzar neste sentido. Subliña que Galicia foi pioneira na implantación desta política, que supón un esforzo financeiro importante para o Goberno galego, o cal destina 115 millóns de euros anuais a este fin, sen ningún tipo de apoio por parte do Goberno central, que non achega nin un só euro.

Respecto aos datos expostos na moción, D. Francisco Calo critica a falta de rigor, sinalando que a cifra de 26.240 euros corresponde só ao período de xaneiro a xuño, mentres que a subvención total para 2025 será de preto de 100.000 euros, incluíndo fondos específicos pola ampliación de prazas. Afirma que, neste contexto, a Xunta está a realizar un esforzo considerable e acusa aos grupos de goberno de manipular a información para trasladar unha imaxe inxusta da xestión autonómica. Conclúe manifestando que o seu grupo non ten problema en apoiar a demanda de máis financiamento para o servizo, pero considera que tamén debería reclamarse ao Goberno central unha maior implicación no financiamento da educación infantil.

A continuación, intervéñ o portavoz do BNG, D. Anxo Núñez Fernández, quen critica duramente o modelo de financiamento establecido pola Xunta. Afirma que o custo real das escolas infantís municipais está a ser asumido de maneira maioritaria polos concellos, mentres que as subvencións autonómicas son claramente insuficientes. Sinala que a Xunta só financia a gratuidade de forma efectiva nas escolas privadas, o que considera unha mostra da política de privatización dos servizos públicos que promove o Partido Popular. Subliña que esta situación resulta especialmente inxusta, xa que son os concellos os que acaban sufrindo a presión económica para garantir a continuidade dun servizo que é, por lei, competencia exclusiva da Xunta.

O portavoz do PSOE, D. José Antonio Caamaño Lestón, engade que a Xunta de Galicia



está a vender unha "falsa gratuidade" das escolas infantís, cando na realidade a maior parte dos custos son asumidos polos concellos. Refírese á páxina web oficial da Xunta, na que se anuncia que o servizo é gratuíto para todas as familias, sen que se mencione a carga financeira que esta medida implica para as administracións locais. Insiste en que a Xunta só cofinancia o servizo, en lugar de financiar a totalidade, como correspondería pola súa responsabilidade exclusiva en materia educativa. Acusa á Xunta de favorecer as escolas privadas en detrimento das públicas, e destaca que mesmo o prezo do servizo é fixado pola administración autonómica, sen ter en conta a viabilidade económica dos concellos. Finalmente, insta aos concelleiros do PP a reflexionar sobre a situación e a apoiar medidas que garantan un financiamento xusto.

Pecha o debate o Sr. Alcalde, quen responde ás críticas realizadas polo PP. Afirma que a competencia educativa, incluíndo a educación infantil, é exclusiva da Xunta de Galicia, polo que non procede reclamar financiamento ao Goberno central. Argumenta que, se a Xunta decide implantar a gratuidade como política pública, debe ser consecuente e asumir os custos que implica, sen trasladar a carga económica aos concellos. Respecto aos datos cuestionados polo PP, asegura que non hai erros na información recollida na moción, pero aclara que parte dos fondos mencionados corresponden a subvencións pola ampliación de prazas, que son puntuais e non garanten unha solución sostible a longo prazo. Conclúe afirmando que o actual modelo de financiamento é inxusto e insostible, e que a moción busca precisamente reclamar unha equiparación que permita aliviar a presión sobre os recursos municipais.

Finalizado o debate, o Sr. Alcalde somete a votación a moción, resultando **APROBADA** por 7 votos a favor (CO, PSOE e BNG), e 6 abstencións (PP).

Rogos e preguntas.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fai as seguintes PREGUNTAS ao Grupo de Goberno:

PREGUNTA (D. Francisco Calo Abelleira) No pleno do pasado 29 outubro de 2024, o Grupo Municipal de Populares de Outes, fíxolle un rogo ao Goberno respecto dos desperfectos ocasionados pola Borrasca Kirk no paseo fluvial do Río Tins en data de 10 de outubro deste ano.

Nese rogo manifestabamos que eramos conscientes de que os danos eran moitos, pero que o ámbito da seguridade debía ser solucionado prioritariamente. A día de hoxe vemos que nin as cuestións de seguridade foron atendidas.

- **¿Que previsións teñen para reparar os danos do paseo fluvial do Río Tins,**



sobre todo no referente as cuestións de seguridade?

RESPOSTA (D^a Alba Quintela Vilariño): Algunhas cousas xa foron reparadas, como a plancha de formigón que se levantou do pavimento, e outras esperamos que queden listas no primeiro trimestre do 2025.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): Seguimos insistindo nos temas de seguridade. Hai danos tan sinxelos como unha táboa que segue sen estar reparada, e estas pequenas cuestións poden causar accidentes graves a calquera veciño ou veciña.

RÉPLICA (D^a Alba Quintela Vilariño): Nós tampouco queremos que se lastime ninguén, e por iso a zona das pontes de madeira foi precintada en varias ocasións para evitar riscos ata que se poidan realizar as reparacións definitivas.

PREGUNTA (FRAN CALO): Nos DOGA 230 e 231 deste ano 2024 publicouse unha relación de máis de 3.000 parcelas con propietarios descoñecidos, relativa ao cumprimento da obriga da xestión da biomasa vexetal e da retirada de especies arbóreas, de conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais de Galicia.

Entendemos que todo este asunto é o resultado da adhesión do Concello de Outes a un Convenio coa Xunta de Galicia e coa Fegamp firmado por vostedes.

Despois de revisar os citados DOGA, constatamos diferentes erros de identificación, polo que lle preguntamos ao Goberno:

- **¿A quen deben dirixirse os afectados por esta cuestión para resolver calquera outra dúbida ao respecto?**
- **Tamén detectamos nos listados que aparecen nos DOGAs, que hai fincas adxudicadas a descoñecidos que sen embargo no catastro aparecen con titular coñecido: ¿Cal foi o criterio que se utilizou para establecer o descoñecemento?**

RESPOSTA (Sr. Alcalde): Efectivamente, nestes días estanse a remitir notificacións aos veciños por carta. Isto é produto do convenio ao que está adherido o Concello, polo cal a empresa SEAGA presta un servizo de apoio técnico e foi quen se encargou do envío ao DOGA e destas comunicacións. Este convenio foi asinado por nós, pero, por aclarar, a adhesión inicial foi solicitada pola anterior alcaldesa.

Os afectados poden dirixirse ao Concello para a resolución de calquera cuestión ou



dúbida. Hai casos nos que non se coñecen con precisión os datos do propietario, e no caso de que un veciño identifique unha finca como súa, pode presentar un escrito indicando a titularidade e será tramitado adecuadamente.

Hai erros no listado que fixo SEAGA antes de enviar estas notificacións. Realizouse unha revisión en terreo, pero algúns datos do catastro foron mal volcados ao sistema de SEAGA. Como vostede indica, hai fincas que aparecen como descoñecidas cando, en realidade, teñen titular coñecido. Isto foi comunicado como un erro técnico por parte de SEAGA e non responde a ningún criterio deliberado.

RÉPLICA (D. Francisco Calo Abelleira): Traemos esta pregunta polo interese xeral dos veciños de Outes, que se están a ver afectados por este asunto. O 'retintín' que menciona vostede, señor alcalde, non ten sentido. Estamos simplemente facendo unha pregunta de interese xeral sen ánimo de confrontación, e mencionamos o convenio porque consideramos relevante aclaralo

RÉPLICA (Sr. Alcalde): Retiro a expresión de 'retintín'. Simplemente quixen sinalar que a adhesión ao convenio foi unha decisión tomada no anterior mandato, que, por suposto, nos parece moi correcta e necesaria para abordar esta cuestión. A miña intención non era desvirtuar a importancia da súa pregunta, que considero lexítima e relevante para os veciños.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Outes ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula os seguintes ROGOS ao Grupo de Goberno:

O portavoz do PP, D. Francisco Calo Abelleira, formula o seguinte **ROGO**: Veciños da Famelga, na parroquia de San Lourenzo, trasladáronnos o seu malestar pola presenza duns barranqueiros no seu lugar, que xa fai tempo que se derrubaron e que están obstaculizando o paso tanto a vehículos como a viandantes. Rogamos ao goberno que poña os medios necesarios para solucionar esta situación o antes posible.

O Sr. Alcalde responde: Xa están retirados, foi onte. A retirada realizouna a Deputación, posto que estes barranqueiros pertencen a unha estrada da súa titularidade. Comunicóuselle no seu momento, e, aínda que se demoraron algo, a situación xa está resolta.

O portavoz do PP, D. Francisco Calo Abelleira, formula o seguinte **ROGO**: Veciños de Lourido fixéronnos saber que na estrada que vai do Rodeiro á Fonte



Morente hai unha taxea destruída e que, nos días de chuvia, a auga non circula correctamente, inundando a estrada e dificultando así o paso por ela. Rogamos ao goberno que lle dea solución a este asunto para facilitar o tránsito dos veciños por esa estrada.

O Sr. Alcalde responde: Tomamos nota do rogo para actuar sobre este asunto.

O Sr. Alcalde, despois de comprobar que non hai máis intervencións, finaliza desexando aos presentes unhas felices festas e un próspero ano novo, e procede a clausurar a sesión ás 21:05 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

